

Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela (Xunta de Facultade do 20 de xullo de 2012)

Preámbulo

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, sinala, na propia exposición de motivos que “ La posibilidad de introducir prácticas externas viene a reforzar el compromiso con la empleabilidad de los futuros graduados y graduadas, enriqueciendo la formación de los estudiantes de las enseñanzas de grado, en un entorno que les proporcionará, tanto a ellos como a los responsables de la formación, un conocimiento más profundo acerca de las competencias que necesitarán en el futuro”.

Pola súa banda o artigo 12.2 indica que “Los planes de estudios tendrán 240 créditos, que contendrán toda la formación teórica y práctica que el estudiante deba adquirir: aspectos básicos de la rama de conocimiento, materias obligatorias u optativas, seminarios, prácticas externas, trabajos dirigidos, trabajo de fin de Grado u otras actividades formativas (art. 12.2). Si se programan prácticas externas, éstas tendrán una extensión máxima de 60 créditos y deberán ofrecerse preferentemente en la segunda mitad del plan de estudios”.

No anexo desta Norma tamén se establece, no seu apartado 9.3 da Memoria do plan de estudos, que debe incluírse dentro do sistema de “garantía da calidade” os “*procedementos para garantir a calidade das prácticas externas*”

O RD 1707/2011, de 18 de novembro e a *Normativa de Prácticas Externas en Empresas e Institucións*, aprobada en Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de maio de 2008, establecen o réxime xurídico das prácticas, dende a conformación e control da oferta, á aprobación de convenios con empresas e entidades, e a avaliación e recoñecemento das prácticas realizadas, regulando os dereitos e obrigas dos estudantes e dos titores de prácticas e o papel de cada órgano cara á consecución dunhas prácticas de calidade na Universidade de Santiago de Compostela.

Na Memoria de Verificación do Título de Grao en Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, contéplase o Prácticum como materia obrigatoria a cursar no último semestre do título.

Faise, pois, necesario, concretar o procedemento de organización, xestión e desenvolvemento do Prácticum no marco da Facultade. Por todo isto, a Xunta de Facultade na súa sesión do 20 de xullo de 2012 someteu a debate e aprobou o presente Regulamento.

Artigo 1. Obxecto

Regular o proceso de organización, xestión e desenvolvemento do Prácticum no Grao en Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 2. Características do Prácticum

A Memoria de Verificación do Título do Grao en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, establece como obxectivo do mesmo “a formación, a un nivel xeral e non especializado, de profesionais cos coñecementos científicos necesarios para comprender, interpretar, analizar e explicar o comportamento humano, e coas destrezas e habilidades básicas para avaliar e intervir no ámbito individual e social ó longo do ciclo vital, con fin de promover e mellorar a saúde e a calidade de vida. Todo isto dende o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión de psicólogo”.

En consonancia con este obxectivo, o Prácticum engloba prácticas en centros, servizos, consultas e dispositivos de diversos ámbitos de actuación profesional do psicólogo, con funcións de intervención dirixida á saúde e o benestar persoal. Contempla tamén a posibilidade de realizar prácticas de investigación vinculadas a algún proxecto dos grupos de investigación dos departamentos adscritos á Facultade.

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos do Grao en Psicoloxía, o Prácticum ten asignados 12 créditos obrigatorios.

Artigo 3. Requisitos de matrícula

Para poder formalizar matrícula do Prácticum, establécese como requisito ter superado alomenos 150 créditos obrigatorios, entre eles a totalidade dos correspondentes ó 1º e 2º curso. Para a realización do Prácticum en determinados centros de prácticas, se poderá requirir ter superado algunha/s materia/s concreta/s do plan de estudos, de especial vinculación co tipo de actividade profesional que se desenvolva neles. Estes requisitos suplementarios daranse a coñecer cun ano de antelación.

Artigo 4. Xestión do Prácticum

A Xunta de Facultade delega na Unidade de Xestión do Prácticum (UXP), as competencias para establecer os procedementos para a realización do Prácticum e a súa avaliación.

A UXP é unha Comisión Delegada de carácter estable da Xunta de Facultade, composta por:

- O/a Coordinador/a de Prácticas da Facultade ou persoa nomeada polo decano/a, que a presidirá
- O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos
- Un membro do PDI, funcionario, contratado ou en formación, por Área de coñecemento, a proposta destas. Elixirase entre eles a un/a secretario/a.
- Dous estudantes elixidos/as polos membros de este sector da Xunta de Facultade.

Os seus membros renovaranse ordinariamente cada vez que se renove a representación na Xunta de Facultade no caso do estudiantado e cada catro anos no caso do PDI. A representación do PDI poderá renovarse tamén parcialmente a iniciativa da Área de coñecemento correspondente.

A Unidade de Xestión do Prácticum do Grao en Psicoloxía é competente para:

- Xestionar a oferta e a demanda de prazas para cursar a materia Prácticum do plan de estudos do Grao en Psicoloxía, incluíndo a promoción de novos convenios para oferta de prazas e os procedementos de asignación dos/as estudantes ás prazas existentes.
- Establecer e verificar as condicións e os criterios de calidade esixibles ás entidades, empresas e institucións coas que se convenie a oferta de prazas de Prácticum.

- Establecer os procedementos xerais de avaliación do rendemento dos/as estudantes na materia Prácticum.
- Establecer os protocolos de relación entre titores externos e internos e dos titores cos estudantes do Prácticum.
- Establecer os procedementos de avaliación polo estudantado da organización e da docencia do Prácticum.

Artigo 5. Titorización

Cada estudante en prácticas, en centros alleos á Facultade, terá o apoio e asesoramento dun/a titor/a académico/a na Facultade e un titor/a profesional no Centro de Prácticas. As prácticas de investigación e as realizadas nas unidades do Servizo de Psicoloxía da USC poderán ser supervisadas unicamente polo/a titor/a académico/a.

Corresponderalle ó Departamento e/ou Área nomear ós titores académicos, tendo en conta a conveniencia de que a actividade docente ou investigadora deles sexa afín ó tipo de prácticas a titorizar.

A actividade de titorización académica será recoñecida como parte do encargo docente do profesorado dacordo co establecido nas normas de planificación académica e elaboración do Plan de Organización Docente aplicables, e tendendo sempre a un recoñecemento acorde coa dedicación real que esta actividade require.

O/a titor/a profesional, que deberá en todo caso ser psicólogo/a, será designado/a polo propio centro onde se realicen as prácticas.

O titor/a profesional terá o recoñecemento que os órganos de goberno competentes da Universidade determinen. Incluirá cando menos a acreditación da súa colaboración na formación dos/as estudantes e os beneficios no uso dos servizos universitarios que a institución determine para as persoas que con ela colaboran.

Será obriga de ámbolos dous titores velar pola adquisición, por parte do alumnado das competencias asociadas ó Prácticum. Particularmente, deben realizar conxuntamente:

- Concretar e describir as actividades a realizar polo alumnado no centro de prácticas.
- Asesorar e supervisar ó alumnado durante a estancia no centro de prácticas.
- Avaliar o nivel de consecución das competencias establecidas.
- Intercambiar información sobre o progreso do alumnado e as posibles incidencias durante o desenvolvemento do Prácticum.

Ó marxe destas funcións compartidas, o/a titor/a académico/a debe cumprir as seguintes funcións específicas:

- Informar ó alumnado sobre as características e procedementos de xestión, orientación e avaliación do Prácticum.
- Orientar ó alumnado na confección da *Memoria do Prácticum*.
- Outorgar a cualificación da materia tendo en conta o *Informe de Seguimento* do titor/a profesional e a memoria preceptiva.

O/a titor/a profesional cumprirá as seguintes funcións específicas:

- Preparar un plan de acollida para o alumnado asignado.
- Informar ó alumnado asignado sobre o funcionamento xeral do centro de prácticas e as actividades a realizar.
- Supervisar a asistencia, actitude, participación e adquisición de competencias por parte do alumnado, así como atender ás súas consultas en relación ás tarefas a desenvolver.
- Cumprimentar o formulario do *Informe de Seguimento*.

Artigo 6. Oferta e asignación de prazas do Prácticum

As prazas para a realización do Prácticum ampáranse en convenios con diferentes entidades que ofrecen atención psicolóxica de todo tipo. As condicións destes convenios inclúen a esixencia de que as entidades contén con alomenos un/a psicólogo/a, que actuará como titor/a profesional dos estudantes durante o período de permanencia no centro de prácticas, e a constitución dunha comisión de seguimento encargada do desenvolvemento ordinario do convenio e de resolver os problemas que puideran producirse.

As unidades do Servizo de Psicoloxía da Universidade e os grupos de investigación dos departamentos adscritos á Facultade tamén poderán ofertar prazas para prácticas.

A UXP actualizará anualmente a oferta de prazas, que será publicada polo Centro xunto co calendario anual de procedementos do Prácticum.

Os/as estudantes matriculados no Prácticum disporán dun prazo de preinscrición. A tal fin, cada estudante cubrirá un formulario, dirixido á/ó decana/o da Facultade, que estará dispoñible e se entregará na Secretaría ou a través da páxina web da Facultade, no prazo establecido no calendario de procedementos do Prácticum.

A UXP realizará a asignación de prazas tendo en conta as preferencias manifestadas polos/as solicitantes e tomando como criterios selectivos a residencia familiar e o expediente académico de cada solicitante. Ademais, para a incorporación a algúns centros de prácticas, pódese requirir ter superado algunha(s) materia(s) concreta(s) do plano de estudos, de especial vinculación co tipo de actividade profesional que se desenvolva neles.

Xunto coa publicación dunha relación provisional de asignación de prazas, establecerase un período de reclamacións. Finalizado este período, se publicará a asignación definitiva de prazas e titores/as académicos/as designados/as.

Efectuarase un segundo proceso de asignación para os alumnos que cumpran os requisitos de matrícula e a formalicen ó remate do primeiro semestre do curso vixente.

Artigo 7. Desenvolvemento do Prácticum

O Centro organizará unha sesión informativa para os alumnos que finalizan o terceiro curso do título, sobre as características e procedementos de xestión, titorización e avaliación do Prácticum.

Dacordo co establecido na ficha descriptiva da materia na Memoria do Título, os estudantes recibirán formación relativa ó Código Deontolóxico do Psicólogo, a través de sesións presenciais (20 horas). A asistencia a estas sesións será requisito para incorporarse ó centro de prácticas.

Establécese como período ordinario de prácticas o comprendido polos dous primeiros meses do segundo semestre, aínda que poden existir ofertas de prácticas que discorran ó longo do curso, fora de este período, sempre que non entren en conflito coas demais actividades lectivas.

Excepcionalmente, poderán propoñerse ofertas de prácticas en período non lectivo, sempre que se poida garantir a titorización efectiva profesional e académica.

Cada estudante deberá contactar coa titora ou titor académica/o asignada/o con anterioridade ó primeiro mes do segundo semestre ou, en todo caso, antes de acudir ó centro de prácticas.

As actividades formativas se concretarán nun programa específico, en función das características, obxectivos e funcións de cada dispositivo. Este contemplará o contacto do estudante coas tarefas desempeñadas no dispositivo, sempre baixo a tutela do/a profesional responsable.

Durante a realización do Prácticum, o/a estudante e o/a seu/súa titor/a académico/a manterán contacto periódico.

Artigo 8. Avaliación

O/a estudante entregará o titor académico, ó remate do período de estadía no dispositivo de prácticas, unha Memoria do Prácticum, que deberá conter, cando menos a descrición do centro de prácticas, das actividades realizadas para o desenvolvemento das competencias profesionais e unha valoración persoal do/a estudante.

O titor ou titora profesional emitirá un *Informe de Seguimento* sobre o traballo realizado polo alumnado titorizado e o remitirá ó titor ou titora académico/a. A súa vez, o titor ou titora da Facultade realizará un *Informe de Avaliación da Memoria do Prácticum* e outorgará a cualificación global tendo en conta as apreciacións de ambos informes.

Establécese como data límite para a entrega das *Memorias do Prácticum* o día de inicio do período de exames do 2º semestre. Os/as titores académicos farán chegar os *Informes de Seguimento* ó/á Presidente da UXP, quen publicarán ás cualificacións provisionais, xunto co período de revisión, segundo o establecido no calendario de procedementos do Prácticum. Transcorrido o período de

revisión, os os/as titores académicos comunicarán ó/á Presidente da UXP as modificacións, de producirse estas, nas cualificacións.

A UXP outorgará as matrículas de honra, a proposta dos/as titores/as académicos/as, tendo en conta o expediente dos/as alumnos/as e atendendo a proporción establecida na Normativa de Xestión Académica.

A acta reabrirase en xullo para os alumnos que suspenderan ou non entregaran a memoria no prazo establecido, reiterándose os procedementos de entrega de informes de avaliación e cualificacións, publicación de listados provisional e definitivo co preceptivo período de revisión.

Artigo 9. Modelos oficiais

A Unidade de Xestión do Prácticum proporcionará modelos oficiais para todos os procesos relacionados co Prácticum. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

Disposición Final

A Unidade de Xestión do Prácticum é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario.